

PAUTAS PARA A EXPOSICIÓN ORAL 1º ESO

- Nesta primeira avaliación a exposición oral farase por parellas e tratará sobre un tema relacionado con Galicia.
- Podedes falar dun acontecemento histórico, dalgún personaxe, dunha celebración ou do que se vos ocorra. O tema escollido deberá ser pautado coa profesora da materia e non pode repetirse. Ao final podedes ver algunhas propostas.
- Debedes presentalo ao resto da clase. Tratade de utilizar un bo galego. Para iso, é conveniente que fagades un guión previo con asuntos que ides tratar e que consultedes todas as dúbidas de vocabulario e expresións que vos vaian xurdindo.
- Podedes seleccionar unha ou varias imaxes sobre o tema ou preparar unha presentación dixital. Nesta, se empregades texto debe ser mínimo.
- Tempo de duración: de 1'30 a 2 min por persoa.

ALGUNHAS PROPOSTAS

O Apalpador	Illas Cíes
A batalla de Rande	Isabel Zendal
O camiño de Santiago	As irmás Touza (heroínas da IIGM)
Celta de Vigo	Romasanta, o lobishome galego
A cultura dos castros	Illa de Ons
Entroido tradicional	A Santa Compañía
A festa da Reconquista	O Samaín
Illa de San Simón	Xabarín Club